CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica no mundo da publicidade gráfica situacións de prexuízos e discriminación dende a perspectiva de xénero.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da Información e da comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Utilizar as novas tecnoloxías de xeito responsable.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. - Xéneros discursivos

Contidos

- Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información).
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega.
- Procesos: interacción oral
 - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal.
 - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
 - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
 - Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e rexeitando a discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
 - Estratexias de identificación e interpretación e do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita e a realización de inferencias para superar o sentido literal de textos sociais orais e multimodais.
 - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...
- Procesos: produción oral
 - Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a planificación e produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
 - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
 - Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
 - Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
 - Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
 - Estratexias para identificar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
 - Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto.
 - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros e compañeiras.
 - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
 - Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais.

Contidos
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
9	Por un mundo mellor	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole en lingua galega, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Redacta resumo de noticias aparecidas nunha sección de xornal dixital.	PE	56
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Redacta un texto argumentativo expresando a súa opinión sobre un texto de prensa proposto.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Elabora conclusións sobre un artigo de opinión en prensa, con vocabulario e ortografía correctos.		
CA1.4 - Recoñecer e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas.	Participa en actividades grupais onde se reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios	TI	44
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Demostra hábito de consultar información da actualidade a través dos medios de comunicación social.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios ea discriminación polo uso da lingua galega, e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Localiza en grupo usos discriminatorios da linguaxe nun xornal.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da Información e da comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Utilizar as novas tecnoloxías de xeito responsable.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Contexto

Contidos

- Xéneros discursivos
- Procesos: interacción oral
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...
- Procesos: produción oral
- Contexto
- Xéneros discursivos
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos en lingua galega.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Galega e Literatura ten carácter esencialmente instrumental, co que xunto coa Lingua Castelá e Literatura, así como na Lingua Inglesa, está presente noutras áreas curriculares. Isto dálle un carácter esencial na construción do pensamento e na transmisión de coñecemento.

Por este motivo, definimos unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no último curso desta etapa educativa:

>Aprendizaxe colaborativa: o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas.

>Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.

>Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, os docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos/as en función das súas capacidades e necesidades.

>Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos

soportes de maneira equilibrada.

>Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.

>Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecementos novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas 9 unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais dispoñibles serán moi útiles.

Para desenvolver a alfabetización mediática e informacional, poñeranse tarefas que impliquen a aprendizaxe e práctica de procura de información, de coñecemento da organización dos contidos (en biblioteca, en internet, en sitios web específicos...) no proceso de construción do coñecemento de forma activa por parte do alumnado.

Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida: manuais, receitas, prospectos, formularios, e tamén ao mundo da información...

O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario, así como o recollido no proxecto lector do centro. A participación na proposta de actividades da Biblioteca do centro: charlas e entrevistas a autoras, lecturas compartidas, actividades de club de lectura, contacontos...pretenden fomentar este hábito lector.

A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC que con texto, gráficos, imaxes, etc conforma unha visión máis integral da realidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Portátiles para uso do alumnado
Portátil de aula e do docente, e PDI
Espazo Abalar, cos recursos dispoñibles e elaborados
Material funxible do alumnado: caderno, lápiz, estoxo, goma...
Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos multimedia e propostas de actividades e proxectos
Radio escolar, Tv e fotografía.
Fontes documentais de internet e impresas.
Prensa escrita e dixital
Contorna
Iniciativas de Asociacións e colectivos. Concello, Acpp, Barrio
Plataformas dixitais que se utilizarán habitualmente facendo uso do ordenador de aula e pizarra dixital.
As visitas e actividades realizadas en exposicións relacionadas co mundo da literatura, arte, fotografía e medio ambiente
teatro e cine
familias do alumnado

libro de texto dixital (SM) e libros doutras editoriais.

O equipo dixital do centro será utilizado polo alumnado como ferramenta de traballo (elaboración de textos, presentacións...) ,

Os cadernos utilizaranse coma portfolio pautado onde se desenvolverán tarefas, exercicios e actividades .

A disposición da aula en agrupamentos para equipos de traballo colaborativo utilizarán estes recursos básicos, carpeta de grupo, así como a propia comunicación oral.

Outros espazos do centro diferentes á súa aula de titoría serán empregados con regularidade para o desenvolvemento curricular nesta área: Biblioteca de Centro, sala de usos múltiples, patio e corredores utilizaranse para representacións teatrais, producións audiovisuais, exposición de traballos...

Así mesmo a contorna será outra fonte de recursos para desenvolver esta área. posición da aula facilitará a organización modular, en grupos flexibles de alumnado, favorecendo traballo en equipo, coa correspondente comunicación oral, dinámica cooperativa e reflexión grupal.

O espazo Abalar, recursos, serán utilizados para desenvolver o currículo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha avaliación inicial que constará:

Análise dos informes de fin de ciclo sobre cada un dos alumnos e alumnas. Tamén no seu caso, dos informes de alumnado con área non superada no ciclo anterior.

Por outra banda a observación durante o desenvolvemento de tarefas relacionadas con centros de interese coma: elaboración de compromisos individuais e do grupo-clase, posta en común do que se espera do curso, obxectivos a curto prazo para convivir, ,aportarán información para esta avaliación inicial.

Realizarase unha presentación dos obxectivos e contidos a traballar, estes serán recollidos no arquivo do alumno/a. Permitirá ao alumnado ser coñecedor/a do que pretendemos aprender

. Así mesmo utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Diálogo sobre tema (expresión e comprensión oral, participación, razoamento, argumentación)
- Obsevación directa en aula (participación, colaboración nas tarefas conxuntas, axuda aos compañeiros/as, actitude)
- Entrevista coas familias e o propio alumno/a.
- Elaboración de textos escritos que permitirán avaliar a coherencia do texto, recursos expresivos e vocabulario, a correcta separación de palabras, ortografía...
- Utilización de recursos dixitais par a procura de información coa que se valorará o grao de competencia dixital.
- Actividades de lectura e valoración de títulos. Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algunha figura literaria empregada no mesmo.

Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno/a nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	12	11	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	40	60	51	24	44	49	45	38	56	45
Táboa de indicadores	60	40	49	76	56	51	55	62	44	55

Criterios de cualificación:

A continuación indícase o peso % de cada apartado:

- Probas de avaliación: orais, escritas, traballos e reseñas no portfolio: 35%

-Traballo diario individual e cooperativo: tarefas da casa, cadernos, fichas e exercicios. 35%

-Actitude: respecto polas normas, esforzo, interese e participación. 35%

As táboas de indicadores terán referencia as diferentes actuacións, relacionadas coa obtención de información sobre o grao de aprendizaxe adquirido. Así: Actividades específicas de vocabulario, gramática ou ortografía. Realizaranse traballos de expresión escrita (diferentes tipos de texto: narrativos, poéticos, descritivos, informativos...) Conclusións do visionado de películas , diario de lecturas , valoracións e opinións ,observación e comentario de imaxes... co fin de valorar a coherencia na exposición, aplicación de normas ortográficas, uso de vocabulario .

Así mesmo terase en conta diariamente: Tarefas realizadas en tempo, calidade dos traballos tendo como mínimo o principio de claridade e corrección. Participación activa e positiva nas tarefas colectivas. Uso dunha linguaxe adecuada, e respectuosa coas diferenzas.

Todos estes indicadores recollidos nos cadernos de control do profesor/a, sumaranse para obter unha nota.

Con carácter xeral, haberá unha ou varias propostas de actividade para avaliar en cada unidade didáctica, sobre a que se obterá a nota en función do peso que se asigne a cada unha.

As táboas de indicadores obteranse durante o desenvolvemento das sesións conforme a rúbricas e listas de control nas que se valide o grao de consecución de cada un dos criterios de avaliación, en relación co mínimo esixido.

A nota obtida na avaliación trimestral será a media ponderada de todos os resultados obtidos, en función do seu peso porcentual. Esta nota será numérica sen decimais, e asociada á súa correspondente cualificación verbal (Insuficiente/Suficiente/Ben/Notable/Sobresaliente).

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas.

Realizarase a través da mestra de área, e de ser preciso contarase co profesorado con dispoñibilidade horaria ou coa especialista de AL .

Das catro sesións semanais, haberá unha adicada a reforzar e afondar no xa traballado, e aproveitarase para incidir nestas necesidades puntuais.

A organización de grupos de traballo que permitan autoxestionar a actividade proposta para o grupo de alumnos e alumnas, permitirá que a aqueles alumnos/as que o necesiten poidan recibir axuda máis concreta.

No comezo do segundo e terceiro trimestre adicarase algunha sesión a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou a cualificación suficiente.

No último período de curso, despois da unidade diáctica 9, realizaranse actividades de carácter colectivo nas que poderán poñer en práctica o aprendido no curso, e servirán como recuperación nos casos que o precisen.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, a mestra de AL e o Equipo Directivo.

Partindo da información aportada polo titor de 5º, ao longo do mes de setembro e primeira metade de outubro, realizarase un seguimento individualizado daquel alumnado con necesidade de apoio educativo para establecer as pautas de reforzo e atención por parte da mestra de AL, de ser o caso, ou do profesorado que desenvolverá esa función. Centraremos a atención nos aspectos seguintes:

-Alumnado que necesita un maior seguimento ou personalización das estratexias na súa aprendizaxe.

-Medidas organizativas a adoptar en canto a:

. planificación de reforzos (horarios)

.distribución de espazos para traballo máis personalizado

. xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual: esta farase en aqueles tempos no que o grupo poida traballar de maneira autónoma e, de ser o caso ,atenderáselle por profesorado de apoio dentro de aula.

-Medidas curriculares. Recursos a empregar.Utilizarase a flexibilización do currículo para aqueles casos que o requiran.

Para seguimento da intervención diseñárase un calendario de reunións entre titora e AL (coordinadora) co fin programar, adoptar medidas, coordinar e informar da evolución do alumnado. Esta intervención será revisable mensualmente.

Así mesmo salientar que a utilización de diferentes instrumentos de avaliación permitiranos detectar o grao de desenvolvemento competencial e as dificultades na aprendizaxe da Lingua.

Destacar que, segundo o seu grado de dificultade, a intervención farase no Centro (AL e profesorado asinado para tal fin) ou fóra do mesmo (gabinetes psicopedagóxicos, logopedas)

Informar que, ao non existir departamento de Orientación no Centro, a avaliación psicopedagóxica e probas pertinentes serán solicitadas ao E. de Orientación da zona (IES Antón Fraguas) seguindo o protocolo establecido para este fin. No caso de necesitalo solicitaríase intervención do EOE.

A información recollida nesta avaliación inicial utilizarase como base para programar actividades de reforzo e tarefas de ampliación segundo os casos. Algún dos recursos a utilizar para tal fin serán:

- Fichas individuais de repaso, reforzo (ortografía, comprensión lectora, escritura, vocabulario)
- Actividades de ampliación: plantexánselle como retos no recuncho de diversificación ¿listo/as coma allos? ou de investigación dalgún aspecto do contido ou tema que suscitou o seu interese.
- Deseño de proxectos que pretendan profundizar no aprendido, contextualizar a aprendizaxe, potenciar o traballo colaborativo, motivar e fomentar a titoría entre iguais.

O modelo de traballo de maneira colaborativa permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que o alumnado máis capaz axude ao que amose dificultades.

Realizarían actividades coma: elaboración de libros colectivos que recollen diferentes tipos de texto: poesías, contos, refráns e adiviñas, deseño de entrevistas, elaboración de portadas de xornal..., traballos de investigación que xiran arredor das nosas tradicións, coñecemento de persoas impornantes da cultura galega, do horto escolar (especies invasoras, menús do mundo, carrito da compra. Proxecto Competencial), a historia da nosa cidade, hábitos de vida saudable, horto escolar, elaboración de menús equilibrados, presuposto familiar, campañas de medio ambiente, consumo responsable, aforro enerxético.

- Elaboración de sinxelos diarios de traballo do grupo- clase
- Recollida de observacións do entorno e posterior análise e valoración.
- Traballos plásticos sobre temas que suscitaron interese.(ilustración de contos, muráis, carteis para o 25N) - Realización de dramatizacións e pequenas obras de teatro e títeres. - Visionado de películas e documentais con posterior coloquio, reflexión.
- Programa de lecturas
- Gravación de textos.
- Utilización de material interactivo (apps e enlaces a páxinas web) O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumna realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumno/a.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento	X	X				X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X				X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	X	X				X	X	
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Emprendemento	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X
ET.3 - Educación para a paz	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	
ET.6 - Educación emocional e en valores	

Observacións:

A área de Lingua Galega e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Galicreques. Obras de teatro	Asistencia a unha representación teatral en lingua galega .	X		
Participación no concurso de creación literaria. Poesía	Participación do alumnado de forma individual no concurso de poesía "Anomar"	X		
Entrevista cunha escritora de actualidade.	Asistencia á charla dunha escritora, con quenda de preguntas posterior.			X
Cine.	Numax. Visionado de películas e obras con temas de interese con posterior análise e valoración. Fomentar espírito crítico	X		
Creación mural. PDI Intercultural	Participación na elaboración dun mural. " A teteira de Kabul"	X		
Visita a unha librería	Visita a librería Couceiro. Edición de libros			X
Semana das Letras. Concurso " Dígocho e Eu"	Diccionario audiovisual.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebración Magosto. Andaina ao Pedroso.	Participación: bando e reprodución de xogos do mundo e tradicionais. Participar dunha festa tradicional: Magosto. Realizar unha observación da paisaxe urbana (ocupación do espazo) descrición. Valoración do patrimonio natural da nosa cidade.	X		
Celebración Samaín	Contacontos de medo. Contos tradicionais.	X		
Entroido	participación na comparsa "Polo mundo adiante"		X	
Participación no proxecto do horto escolar. Actividade interiveis.	Concienciar sobre o consumo de alimentos saudables. Aproveitamento sustentable. Ampliar vocabulario relativo á horta.	X	X	X
Visita a exposicións	Fomentar o interese polas obras artísticas e a participación na vida cultural da súa contorna	X	X	X
Stop Motion. Acpp " A teteira de Kabul"	Valorar a diversidade etnocultural e utilizar recursos dixitais para expresar os sentimento doutra cultura.			X
Carreira pola Paz	Participación e organización de carreira solidadria.		X	
Enreguéifate	Coñecer a nosa tradición cultural. Fala e música	X		
Programa do Plan Director para a mellora da convivencia escolar.	Concienciar no uso responsable das redes sociais e os riscos derivados da mala utilización das novas tecnoloxías		X	
Visita a un medio de comunicación.	Coñecer e valorar os medios de comunicación como recurso informativo. Prensa.		X	

Observacións:

Cada trimestre desnvolveranse algunha actividade complementaria como se indica no cadro anterior. Así memso participaremos das propostas da Biblioteca de Centro con repercusión na totalidade do alumnado e proxección a toda a comunidade educativa.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avaliación positiva do alumnado nunha porcentaxe superior ao 85%.
As unidades didácticas ríxense por unha temporalización flexible que permita a real interiorización dos contidos e durabilidade no tempo
Reflexiono, avalío e modifíco, segundo as necesidades, a miña labor docente e tarefa durante o desenvolvemento da mesma

Metodoloxía empregada
Grao mínimo de participación do alumnado nas actividades voluntarias
Integración nas actividades grupais da totalidade do alumnado.
Nivel de intervención activa do alumnado en cada debate, cun mínimo do 85%.
Grao de motivación continuada do alumnado.
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade.
As prpostas de traballo axústanse as necesidades e intereses dos nosos alumnos e alumnas
O desenvolvemento da actividade favorece a autonomía do/a alumno/a
Implico ao alumnado nas tarefas de aprendizaxe, favorecendo a participación activa
Os obxectivos, contidos, CA e situacións de aprendizaxe seleccionados son axeitados ás características do grupo
Medidas de atención á diversidade
Integración do alumnado con NEAE nas actividades comúns, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Clima de traballo na aula
Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía coa mestra ou mestre.
Creo un clima que fomente o diálogo, participación activa, empatía,... onde o reforzo positivo é o habitual
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre xs docentes do nivel.
Grao do coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno e da alumna.

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o currículo LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado.

Isto require unha perfecta coordinación entre o equipo docente do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

- >Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.
- >Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas. Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:
- >Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
- >Grao de adquisición de competencias na área.
- >Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
- >Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos.
- >Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
- >Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
- >Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.
- >Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.
- >Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.
- >Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un

desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

Respecto a este último punto engadimos táboa de valoración:

AVALIACIÓN ALUMNADO.

ENTRE TODXS MELLORAMOS

SI

NON

AS VECES

1. Como traballamos na clase de Lingua Galega

- Entendo ao profesor/a cando explica
- As explicacións parécenme interesantes
- O profesor/a explica só do libro
- Emprega outros recursos ademáis do libro
- Pregunto o que non entendo
- Realizamos tarefas en grupo
- Utilizamos espazos diferentes á aula

2. Como son as actividades

- As preguntas correspóndense coas explicacións
- O/A profesor/a pregunta só do libro
- As preguntas son claras
- As actividades corríxense na clase
- As actividades, en xeral, son atractivas e participativas
- En ocasións teño que consultar outras fontes de información
- Mándanme demasiadas actividades

3. Como é a avaliación

- As preguntas dos controis están claras
- O que me preguntan dímolos na clase
- Teño tempo suficiente para contestar as preguntas
- Fago demasiados controis
- Os controis sírvenme para comprobar o que aprendín
- Participo da súa corrección
- Síntome respectado polo profesor/a
- Os conflitos os resolvemos entre todos/as
- En xeral, síntome a gusto en clase

4. Gustaríame facer e responder ás seguintes preguntas:

O q u e m e g u s t a d e s t a m a t e r i a é:.....

Porque:.....

O q u e m e n o s m e g u s t a é:.....

Porque:.....

5. Valoro

Como positivo:.....

Como mellorable:.....

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas e proxectos.

Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades e reorganizar os

tempos para o desenvolvemento de tarefas e proxectos, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso (memoria) co fin de elaborar un informe global sobre o proceso educativo en tódalas áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso.

9. Outros apartados